



BOLETÍN DO IPsiUS

Carta da directora

Teño o pracer de dar inicio ao que será un medio que nos permitirá manternos actualizados, conectados e facer comunidade. Un **boletín informativo mensual** no que teredes acceso a toda a información que se desenvolverá ao longo do mes, tanto sobre as actividades organizadas polo Instituto como sobre eventos e convocatorias de interese.

Como todo proxecto que comeza, esperamos que sexa de utilidade e sabemos que, pouco a pouco, irá adaptándose para ofrecer a información máis actualizada e relevante posible.



Imaxe: arquivo propio do IPsiUS


Grazas por lernos e feliz inicio de ano.

Eventos do mes

15/01/2026

Como cada mes, o IPsiUS presenta unha nova edición de ***Ciencia Mensual IPsiUS***. Nesta ocasión, que ademais inaugura o ano, contaremos con dúas charlas nas que se abordará a investigación actual sobre os problemas de conduta e a enfermidade de Alzheimer, ofrecendo unha visión actualizada e rigorosa destes ámbitos de estudo.

Esta xornada reafirma o compromiso do Instituto coa divulgación científica e coa transferencia do coñecemento á comunidade.



CIENCIA MENSUAL IPsiUS

Diferencias de género en los problemas de conducta: trayectorias longitudinales en España y análisis de redes comparativo entre España y Estados Unidos

PRESENTA
María Álvarez Voces
GRUPO UNDERISK

Caracterización das etapas temperás do continuo da enfermidade de Alzheimer dende a perspectiva da neurociencia cognitiva

PRESENTA
Santiago Galdo Álvarez
GRUPO NEUCOGA-AGING

 **XOVES**
15 XANEIRO 2026

 **16:00**

SALA DE XUNTAS
FACULTADE DE PSICOLOXÍA



Novas IPsiUS



Imaxe: arquivo propio do IPsiUS

A nosa compañeira **Laura López Romero** asume o cargo de **Responsable de Igualdade do IPsiUS**, co obxectivo de impulsar iniciativas que favorezan a igualdade e a inclusión no noso instituto.

○ **Plan Operativo Anual (POA)** xa foi aprobado polo **Consello Científico** do Instituto e pola **Xunta de Goberno**, establecendo as prioridades e accións para o ano 2026.



Novas incorporacións: **Maite Carrillo** pasa a formar parte do **Consello Científico**, mentres que **Cristina Lojo** se incorpora á **Unidade de Investigación**

IPsiUS nos medios

12/12/2025. Xornal "El progreso de Lugo"

IdeaLugo premia un proyecto con IA y otro de una app de promoción de bodegas de la Ribeira Sacra

David Facal, profesor e investigador do IPsiUS, foi recoñecido na undécima edición dos premios IdeaLugo 2025 polo seu proxecto baseado en intelixencia artificial para a detección temperá do deterioro cognitivo e da demencia.

Estes premios, impulsados por **El Progreso, Abanca, a USC e a Fundación CEL**, destacan o compromiso coa innovación científica e co benestar social do noso persoal investigador.

A iniciativa liderada por David Facal sobresaí polo seu carácter innovador e polo potencial impacto na mellora da atención ás persoas con dificultades cognitivas.

<https://www.elprogreso.es/articulo/lugo/idealugo-premia-proyecto-ia-promocion-bodegas-ribeira-sacra/202512111710501930768.html>



Imaxe: arquivo propio do IPsiUS

09/01/2026. Xornal da USC

Estudantado de Psicoloxía, Medicina, Odontoloxía e Enfermaría recibirá formación específica sobre a dor e a súa cronificación

O grupo **Benestar-laboratorio BAP** (Brain and Pain) do Instituto de Psicoloxía da USC (IPsiUS) formará estudantado de Psicoloxía, Medicina, Odontoloxía e Enfermaría para proporcionarlles os fundamentos teóricos sobre a dor e a súa cronificación, alén de impartir sesións prácticas para coñecer técnicas específicas para avaliar a dor e procedementos de neuromodulación. "A formación en dor é unha lagoa nos ensinos de grao", sinalan, motivo polo cal este curso ten como obxectivo formar aos futuros profesionais da saúde.

<https://www.usc.gal/gl/xornal/novas/estudantado-psicologia-medicina-odontologia-enfermeria-recibira-formacion-especifica-dor-sua-cronificacion>



Imaxe: Santi Alvite

11/12/2025. Xornal da USC

O estudo lonxitudinal ELISA inicia unha nova fase coa mocidade como protagonista

Investigadoras do grupo **UNDERISK** do Instituto de Psicología da USC (IPsiUS) acaban de poñer en marcha a terceira etapa do **proxecto ELISA** (Estudo Lonxitudinal para unha Infancia Saudable), co que veñen analizando o desenvolvemento condutual, emocional e psicosocial desde a infancia temperá. O proxecto, apoiado, entre outros, polo Plan Estatal de Investigación e Innovación Científica, é pioneiro no ámbito estatal e sintoniza os seus obxectivos con estudos internacionais realizados tanto en Suecia como en Estados Unidos.

Cunha mostra de máis de 2.500 crianzas de Galicia, ELISA realizou dende 2017 un seguimento pormenorizado durante as etapas de Educación Infantil e Primaria, sendo a última recollida de información de ELISA en 2024. A terceira etapa comeza agora e durará ata o ano 2029, coa recollida de información ao longo da adolescencia (rapazada que hoxe ten idades comprendidas entre os 12 e os 15 anos) para avaliar, comparar e identificar os factores que inflúen no benestar da mocidade, atendendo os retos e demandas que emerxen nesta nova etapa, co fin de deseñar ferramentas socioeducativas para poñelas ao servizo da sociedade e de xeracións vindeiras.

<https://www.usc.gal/gl/xornal/novas/estudo-lonxitudinal-elisa-inicia-fase-mocidade-protagonista>



Imaxe: arquivo propio do IPsiUS

Tesis defendidas

TÍTULO: Queixas cognitivas subxectivas en persoas maiores e os seus informantes. Análise da súa relevancia como factores de risco dentro do continuo cognitivo do envellecemento

AUTORÍA: Lucía Pérez Blanco

DIRECCIÓN: Onésimo Juncos Rabadán e María Campos Magdaleno.

DATA E LUGAR DE LECTURA: 03/12/2025, 16:30 h, Sala de Xuntas da Facultade de Psicoloxía da USC



Imaxe: arquivo propio do IPsiUS

Novas publicacións*

- Ismail, Z., Guan, D. X., Babulal, G. M., Bateman, J. R., Cantillon, M., Creese, B., D'Antonio, F., Fischer, C. E., Gatchel, J. R., Ghahremani, M., Guerrero-Cantera, J., Lanctôt, K. L., Mielke, M. M., Mortby, M. E., Feldman, O., Pereira, A. C., **Pereiro, A. X.**, Perry, G., Potter, W. Z., et al. (2026). [Rev. of Plasma biomarkers in neuropsychiatric syndromes: A narrative review]. *Journal of Alzheimer's Disease*, 109(1), 44–69. <https://doi.org/10.1177/13872877251392185>
- Ramos-Carro, M., Rodríguez-Cano, R., **Martínez-Vispo, C.**, **López-Durán, A.**, & **Becoña, E.** (2026). Within-person prospective associations between depressive symptoms, abstinence self-efficacy and smoking cessation following smoking cessation treatment. *Drug and Alcohol Dependence*, 278. <https://doi.org/10.1016/J.DRUGALCDEP.2025.113004>
- Zurrón, M.**, **Pereiro, A. X.**, Rodríguez-Perez, A. I., **Galdo-Álvarez, S.**, Ansele, J. J., **Lojo-Seoane, C.**, **Lindín, M.**, **Facal, D.**, Rivas-Fernández, M. Á., **Campos-Magdaleno, M.**, Carracedo, Á., Labandeira-García, J. L., & **Díaz, F.** (2026). Plasma and neurostructural biomarkers in the clinical-biological characterization of early stages of the Alzheimer's disease continuum: findings from the Compostela Aging Study. *The journal of prevention of Alzheimer's disease*, 13(1), 100331. <https://doi.org/10.1016/J.TJPAD.2025.100331>

**Fonte: Portal de Investigación, a data de 14/01/2026*

Convocatorias*

Convocatoria/Ligazon	Prazo	Descrición
Proyectos en colaboración público-privada 2025	09/01/26 - 30/01/26	As axudas destas bases teñen como obxectivo impulsar a incorporación de coñecementos e resultados científico-técnicos que permitan validar e desenvolver novas tecnoloxías, produtos e servizos, creando un contexto que fomente unha masa crítica interdisciplinar en I+D+i para a súa aplicación, transferencia e xeración de resultados no ámbito empresarial e no mercado.
Social Research (Fundación "La Caixa")	07/01/26 - 22/01/26	Apoio a investigacións que xeren coñecemento sobre a realidade social en España e Portugal.
Investigación en Promoción de la Salud(Fundación "La Caixa")	08/01/26 - 25/02/26	O obxectivo desta convocatoria é identificar investigacións que impulsen o deseño e a avaliación de intervencións sanitarias na promoción da saúde e na prevención de enfermidades. As áreas de interese da convocatoria inclúen, entre outras: saúde mental, saúde da muller, saúde infantil e adolescente, nutrición e estilos de vida saudables, envellecemento saudable e xestión da cronicidade.

Convocatoria/Ligazon	Prazo	Descrición
Programa Prismas y Problemas 2025	30/12/25 - 31/03/26	O obxectivo deste programa é promover a colaboración interdisciplinar e a conexión con axentes institucionais e expertos de distintos ámbitos. A convocatoria Prismas e Problemas impulsa proxectos de investigación aplicada baseados en modelos e metodoloxías sólidas, con resultados transferibles ao tratamento de retos de especial relevancia socioeconómica, sanitaria e ambiental.

**Relación non exhaustiva de convocatorias.*

A palabra do mes

Nesta sección presentaranse termos do glosario en galego vinculados á psicoloxía.



Esforzo sistemático por descubrir ou confirmar feitos, por pescudar nun novo problema ou tema, ou por describir eventos e comprender as relacións entre variables, a maioría das veces mediante métodos científicos de observación e experimentación.

*Fonte: Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Psicoloxía da USC (en preparación).
Glosario de termos psicolóxicos.*